

## **ACTA DO CONSELLO XERAL DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

DATA: 23 de febreiro de 2026

LUGAR: Casa do Concello de Narón

CARÁCTER DA SESIÓN E CONVOCATORIA: Sesión Ordinaria, primeira convocatoria

HORA DE COMEZO: 19:00 h

HORA DE FINALIZACIÓN: 20:30 h

### **PERSOAS PARTICIPANTES**

PRESIDENTA DO CONSELLO: D<sup>a</sup>. Olga Ameneiro López, Concelleira delegada de Participación Cidadá do Concello de Narón, que actúa por delegación da Sra. Alcadesa.

#### **EN REPRESENTACIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS:**

- D<sup>a</sup>. Silvia María De Arriba Fernández, en representación do grupo político municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE)
- D<sup>a</sup>. Tania Novo Mouriz, en representación do grupo político municipal do Partido Popular (PP)
- D. Eugenio Carballeira López, en representación do grupo político municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG)
- D. Juan Pablo Mauriz Romero, en representación do grupo político municipal de Terra Galega (TEGA)

#### **EN REPRESENTACIÓN DAS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS:**

- D<sup>a</sup>. Manuela Castro Gómez, en representación da asociación veciñal Os Irmandiños do Val, do Val.
- D. Manuel García Loureiro, en representación da asociación veciñal de Chafarís, do Alto do Castaño.
- D. Xosé Francisco Roade Servia, en representación da asociación veciñal do Couto, do Couto.
- D. Ánxel Rial Otero, en representación da asociación veciñal Altea de Xuvia.

#### **EN REPRESENTACIÓN DOS CONSELLOS TERRITORIAIS:**

- D. Francisco Balseiro Bouza, en representación do Consello Territorial de Castro.
- D<sup>a</sup>. Ana Veiga Hermida, en representación do Consello Territorial do Alto do Castaño.
- D. Ramón Francisco Couto Bellas, en representación do Consello Territorial do Couto.
- D<sup>a</sup>. Rebeca María Ferreira Leiras, en representación do Consello Territorial da Gándara.
- D. Bruno González Mauriz, en representación do Consello Territorial de Piñeiros.

- D<sup>a</sup>. Montserrat Fraga Pérez, en representación do Consello Territorial de Santa Iclía - A Solaina.
- D. Manuel Javier Padín Grandal, en representación do Consello Territorial de Xuvia.

EN REPRESENTACIÓN DO CONSELLO SECTORIAL DE IGUALDADE: Desculpa a súa ausencia a representante do Consello Sectorial de Igualdade.

TAMÉN ASISTEN:

- D<sup>a</sup>. Montserrat Fraga Pérez, en representación de ASPANEMI.
- D<sup>a</sup>. Antonia Varela Couceiro, en representación de ADOPE.
- D<sup>a</sup>. Josefa Martín Rodríguez, en representación de ADOPE.
- D<sup>a</sup> María José Brión Sobrito, en representación de ALCER.
- D<sup>a</sup>. Sandra López Salceda, en representación de Mulleres Ártabras.
- D<sup>a</sup>. Ana María Rego Vilar, en representación de Áurega.
- D. Anxo Fuentes Gómez, en representación da Peña Deportivista da Gándara.
- D<sup>a</sup>. Malena Suárez Carballo, , en representación da Asociación artística Tartares.
- D<sup>a</sup>. Mari Carmen Sendón López, en representación da Asociación artística Tartares.
- D<sup>a</sup>. María Teresa Maroño Vilaboa, en representación da Asociación artística Tartares.
- D. José Fonticoba Fernández, en representación da Asociación artística Tartares.

SECRETARIA DO CONSELLO: D<sup>a</sup>. Eva Paola Bermúdez Porras, Escola de Participación Cidadá.

## **DESENVOLVEMENTO**

D<sup>a</sup>. Olga Ameneiro López, en calidade de Presidenta do Consello Xeral, abre a sesión agradecendo a asistencia das entidades presentes e procede a expoñer a orde do día, detallando os puntos a tratar e as persoas encargadas da súa exposición.

### **1.- INFORMACIÓN SOBRE A APROBACIÓN DO REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ.**

Toma a palabra D<sup>a</sup>. Olga Ameneiro López, quen informa sobre a aprobación do Regulamento de Participación Cidadá, publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 232, de data 3 de decembro de 2025, cuxo obxecto é a ordenación das formas, medios e procedementos de información e participación da veciñanza e das entidades cidadás na xestión municipal.

A continuación, expón os principios básicos do regulamento, sinalando o compromiso municipal co fomento da participación democrática e a transparencia nos asuntos públicos locais. Entre estes principios, destaca a facilitación de información sobre actividades, obras e servizos municipais; a promoción da participación da cidadanía e

das entidades na xestión municipal; o fomento do asociacionismo; a proximidade da administración á veciñanza; a garantía de equilibrio entre os distintos núcleos de poboación e a promoción do uso da lingua galega.

Así mesmo, dá conta dos principais dereitos recollidos no regulamento, entre os que se inclúen o dereito á participación na xestión municipal, o acceso á información pública, a intervención nos órganos de participación (Consellos Sectoriais, Consellos Territoriais e Consello Xeral), a posibilidade de promover consultas e iniciativas populares, así como o acceso a axudas e medios municipais en función da representatividade e actividade das entidades.

En canto aos deberes, sinala a obriga de colaboración co Concello para a mellora dos servizos públicos, o cumprimento da normativa vixente, a solicitude das correspondentes autorizacións administrativas e o respecto á convivencia e ao espazo público.

Finalmente, fai fincapé nas obrigas específicas das entidades cidadás, destacando a necesidade de inscrición no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás, a actualización periódica dos seus datos e o cumprimento dos requisitos establecidos na normativa.

## **2.- LEMBRETE SOBRE A ACTUALIZACIÓN DE DATOS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ENTIDADES CIDADÁS.**

A continuación, D<sup>a</sup>. Olga Ameneiro López lembra a obriga das entidades inscritas no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás de manter actualizada a información relativa á súa situación.

Indica que as entidades deberán comunicar ao Concello, a través da Sede electrónica municipal, calquera modificación dos datos achegados no momento da inscrición, no prazo dun mes desde que se produza.

Así mesmo, informa de que, entre o 1 de xaneiro e o 31 de marzo de cada ano, as entidades deberán presentar a documentación correspondente á actualización anual, que inclúe o programa anual de actividades, o orzamento de ingresos e gastos, o número de persoas socias a 31 de decembro (con indicación da distribución por sexo) e, de ser o caso, a certificación acreditativa da composición actualizada da xunta directiva.

Subliña que o cumprimento destas obrigas resulta imprescindible para manter os dereitos recoñecidos ás entidades no marco da participación cidadá e para poder acceder aos recursos e mecanismos municipais previstos ao efecto.

## **3.- INFORMACIÓN SOBRE PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS EUROPEOS E LIÑAS ESTRATÉXICAS DO CONCELLO.**

Toma a palabra D. Pablo Mauriz Romero, quen procede a informar sobre as liñas

estratéxicas que está a desenvolver o Concello, así como sobre os principais proxectos financiados con fondos europeos.

Indica que, nos últimos anos, a Unión Europea vén promovendo instrumentos de financiamento orientados ao desenvolvemento rexional a través das administracións locais, coñecidos como Fondos Europeos de Desenvolvemento Rexional (FEDER), destinados a impulsar iniciativas de carácter estratéxico.

No marco destes fondos, expóñense dúas iniciativas principais:

En primeiro lugar, o **proxecto EDUSI “Ría de Ferrol, cidade 2020”**, desenvolvido no período 2014-2020 en colaboración co Concello de Ferrol. Entre as actuacións máis salientables inclúense:

- A rehabilitación do muíño de Xuvia, cofinanciada pola Deputación da Coruña, así como a creación do Centro de Interpretación dos Muíños Industriais de Xuvia (CIMIX).
- A execución da senda peonil e ciclista do río Freixeiro.
- A restauración da présa do muíño das Aceas e do Camiño do Peregrino.
- A redacción do Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS) e a execución de actuacións vinculadas ao mesmo, como a creación dunha senda peonil no camiño do Hedreiro e a pacificación do contorno do CEIP de Piñeiros.
- Actuacións orientadas á modernización dixital da administración electrónica.

Destaca Pablo Mauriz Romero que os proxectos financiados mediante estes fondos deben presentar unha visión integradora e cohesionada entre distintos ámbitos, combinando actuacións en materia de patrimonio, cultura, turismo, entre outras.

En segundo lugar, infórmase sobre o **Plan EDIL Narón 2023: “Narón: as persoas primeiro”** (2021-2027), configurado como unha Estratexia de Desenvolvemento Integrado Local (EDIL), enmarcada nun Plan de Actuación Integral (PAI).

Sinala que este plan ten como obxectivo a consecución dun modelo de cidade máis inclusiva, eficiente e resiliente, orientado a garantir a calidade de vida da cidadanía. Indica que:

- Unha cidade inclusiva debe dar resposta ás necesidades de todas as persoas, independentemente das súas circunstancias.

- A eficiencia debe acadarse mediante a optimización dos procesos administrativos, garantindo maior axilidade e accesibilidade.
- A resiliencia implica a capacidade de adaptación fronte a factores externos, promovendo unha maior autonomía municipal.

Pon de relevo a interrelación entre as distintas actuacións, exemplificando coa redución da dependencia enerxética mediante a implantación de sistemas de xeración propia, como instalacións fotovoltaicas. Neste sentido, indícase que o custo anual da enerxía eléctrica municipal ascende a aproximadamente 1.200.000 euros, estando en marcha medidas destinadas á súa redución, tales como a instalación de placas solares, a mellora da eficiencia enerxética dos edificios e a optimización do consumo.

Finalmente, expón que os proxectos se articulan a través de diversas liñas de actuación que se concretan en *ítems* (as accións concretas) que debe aprobar a Administración Xeral do Estado. Algunhas das liñas de actuación que recolle este Plan e algunhas accións a destacar son:

- **Enerxía e medio ambiente:** inclúe actuacións de mellora e saneamento das augas residuais.
- **Patrimonio urbano, turismo e cultura:** orientada á recuperación de contornas naturais, á creación e mellora de espazos de lecer e á integración equilibrada do medio rural e urbano.
- **Dixitalización e dinamización económica:** centrada na transformación dixital do municipio e dos servizos públicos, incluíndo iniciativas como Narón Dixital e o desenvolvemento de solucións de Smart City.

Tamén se destaca a consecución destes fondos, indicando que no plan EDUSI foron beneficiarios 243 municipios de todo o Estado, e neste plan EDIL 971 municipios.

#### **4.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Ábrese a quenda de rogos e preguntas, producíndose as seguintes intervencións:

D. Xosé Francisco Roade Servia, en representación da asociación veciñal do Couto, pregunta se existen proxectos xa presentados a financiamento. D. Pablo Mauriz Romero responde que o procedemento segue as liñas de actuación previamente definidas, a partir das cales se concretan distintos ítems; unha vez validados estes, procédese á presentación dos correspondentes proxectos.

D<sup>a</sup>. María José Brión Sobrito, en representación de ALCER CORUÑA, interésase por coñecer se estes procesos xa se están a desenvolver. Pablo Mauriz Romero amplía a explicación, indicando que, por exemplo, se un dos obxectivos é a redución da contaminación, unha das posibles accións sería a peonalización de determinados espazos.

D<sup>a</sup>. Malena Suárez Carballo, en representación do Consello territorial de Santa Icíá - A Solaina, formula unha pregunta relativa ás actuacións en materia de enerxía. Pablo Mauriz Romero informa de que o Concello vén desenvolvendo medidas neste ámbito desde o ano 2014, destacando a implantación progresiva de iluminación LED nos aproximadamente 16.000 puntos de luz existentes. Así mesmo, sinala actuacións como a substitución de caldeiras de gasóleo por sistemas de biomasa en instalacións municipais, a instalación de paneis solares e a incorporación de vehículos eléctricos á frota municipal, co obxectivo de reducir a dependencia enerxética e os custos asociados, aínda que se indica que a autosuficiencia total non resulta viable na actualidade.

Outra persoa representante de Tartares pregunta polo motivo da rehabilitación do muíño das Aceas. Pablo Mauriz Romero indica que esta actuación se enmarca na liña de patrimonio, turismo e cultura. Desde ASPANEMI pregúntase polo estado das actuacións, ao que se responde que, polo momento, se procedeu á adquisición do inmovible no ano 2024, o que permitirá a súa inclusión en futuras estratexias de intervención.

Retoma a palabra a representación da Asociación Veciñal do Couto para preguntar sobre a posibilidade de empregar o muíño das Aceas para a xeración de enerxía. Pablo Mauriz Romero sinala que podería tratarse dunha opción a estudar, aínda que requiriría autorizacións de distintos organismos competentes (Costas, Patrimonio, Augas, entre outros), sendo a prioridade actual garantir a súa rehabilitación e conservación. Montserrat Fraga Pérez, en representación de ASPANEMI, pregúntase tamén pola drenaxe do río, indicando o comparecente que se trata dunha cuestión en estudo, pero que non está incluída actualmente en ningunha estratexia concreta.

Así mesmo, a Asociación Veciñal do Couto solicita información sobre o desenvolvemento das comunidades enerxéticas. Pablo Mauriz Romero indica que estas iniciativas forman parte dunha estratexia global, destacando o papel da Oficina de Transformación Comunitaria (OTC) como instrumento para implicar a cidadanía, subliñando a necesidade de coordinación entre administración e sociedade para acadar obxectivos comúns en materia de eficiencia enerxética.

D. Eugenio Carballeira López, en representación do Bloque Nacionalista Galego, intervén para formular cuestións relativas á representatividade e á participación cidadá, facendo referencia ao papel do Consello Xeral como órgano máximo de representación e á conveniencia de regular e formalizar os Consellos Reitores. D<sup>a</sup>. Olga Ameneiro López agradece a intervención e sinala que se trata dunha liña de traballo prioritaria, indicando a necesidade de dotar de formalidade aos órganos existentes que funcionan de xeito informal e avanzar na súa regulación.

Desde ASPANEMI indícase que no ámbito da Solaina existe un Consello Xestor sen regulación formal. D<sup>a</sup>. Olga Ameneiro López coincide na necesidade de avanzar nesta

materia, facilitando ferramentas e apoio para a súa correcta organización e funcionamento.

D. Ánxel Rial Otero, en representación de Xuvia, expón diversas cuestións relativas á xestión dos locais sociais, ao mantemento das instalacións, á regulación dos contratos de explotación dos ambigús, á necesidade de cobertura de seguros para actividades e ás dificultades organizativas das asociacións. Así mesmo, manifesta a preocupación pola falta de capacidade decisoria e pola necesidade de establecer mecanismos de seguimento dos asuntos tratados. D<sup>a</sup>. Olga Ameneiro López agradece as achegas e sinala que se trata de cuestións comúns a distintos territorios que deberán ser abordadas.

D. Manuel García Loureiro, en representación da asociación veciñal de Chafarís, formula preguntas relativas á Escola de Participación e ao Regulamento aprobado, manifestando a súa preocupación pola falta de capacidade decisoria das entidades neste órgano e destacando iniciativas de participación como os orzamentos participativos. Así mesmo, solicita información sobre unha débeda do Concello de Narón co Concello de Ferrol en relación co servizo de depuración da auga.

Pablo Mauriz Romero responde que as actuacións municipais adoitan partir das necesidades e achegas das entidades, existindo un traballo previo de diálogo. En relación coa cuestión relacionada co Concello de Ferrol, explica que o conflito xorde no marco do sistema de depuración compartido, inicialmente financiado nun 80% pola Xunta de Galicia e nun 20% polos concellos implicados. Indica que existen discrepancias sobre a repartición de custos entre os concellos de Narón e Ferrol, existindo unha resolución xudicial ao respecto que está a ser analizada polos servizos xurídicos municipais para determinar a procedencia de recurso, comprometéndose a informar no seu momento.

Finalmente, D. Francisco Balseiro Bouza, en representación do Consello territorial de Castro, solicita maior axilidade nos procedementos administrativos, en particular no relativo ás subvencións. D<sup>a</sup>. Olga Ameneiro López responde que existen requisitos administrativos que deben cumprirse e informa de que a solicitude presentada por esta mesma entidade para a obtención dun documento de cesión de uso municipal está a ser tramitada polos servizos xurídicos do Concello.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión ás 20:30 h do día sinalado, do que eu, como secretaria, dou fe.

E para que conste, esténdese a presente acta, que é asinada pola Presidencia e pola Secretaría, co visto e prace.

Vº e praxe,

A Presidenta  
Dª. Olga Ameneiro López

A Secretaria  
Eva Paola Bermúdez Porras